

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Aprobación definitiva do regulamento do servizo de axuda no fogar

O pleno da Corporación na sesión realizado o 25 de xuño de 2009, aprobou inicialmente a modificación do regulamento municipal do servizo de axuda no fogar. Transcorrido o prazo de información pública sen que se presentasen alegacións, o devandito acordo elévase a definitivo, en virtude do disposto no apartado terceiro do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e procédese á publicación do devandito regulamento.

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O servizo de axuda no fogar considérase como unha prestación básica no ámbito dos Servizos Sociais de Atención Primaria que non exige á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público. A través de persoal cualificado presta unha serie de atencións de carácter persoal, psicosocial, educativo, doméstico e técnico a familias e persoas con dificultades procurando a continuidade no seu contorno habitual, recuperación da autonomía persoal ou familiar, potencia-los recursos propios e vínculos familiares, así como participación activa na actividade da comunidade.

A mellora da calidade do servizo de axuda no fogar existente neste Concello require establecer un marco normativo a nivel local que recolla os contidos das prestacións, dereitos e deberes dos usuarios, regulación das condicións de acceso ó servizo, procedemento e criterios básicos de acordo coa Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e da Lei 13/2008 do 3 de Decembro que regula os Servizos Sociais de Galicia e na que se inclúe como funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a “xestión do servizo de axuda no fogar, así coma a participación na xestión de prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable”.

Dende a publicación da lei 39/2006 de promoción da Autonomía persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o Real Decreto 727/2007 de 8 de xuño sobre criterios para determinar a intensidade da protección, servizos e contías das prestacións da citada lei e demais lexislación aplicable, a organización do servizo de axuda no fogar Municipal precisa dunha adaptación a citada lei co obxecto de cubrir as necesidades presentadas polas persoas valoradas como dependentes.

CAPITULO I. Disposicións Xerais.

Artigo 1º. Obxecto.

O presente regulamento ten como obxecto a regulación do servizo de axuda a domicilio e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ó devandito servizo no concello de Cabanas así coma a prestación a persoas valoradas como dependentes tendo en conta, en todo momento, as directrices marcadas polo seu Programa Individual de Atención (PI.A).

Artigo 2º. Principios xerais.

O servizo de axuda a domicilio considérase unha prestación básica e comunitaria de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e mante-lo benestar físico, social e psicolóxico da persoa ou familia, que presenta problemas para a realización das actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas naquelas tarefas cotiás que o usuario non poida realizar por si mesmo e que favorezan a permanencia e integración no seu entorno habitual e compensen as súas restriccións de autonomía funcional.

Artigo 3º. Beneficiarios.

Poderán beneficiarse do servizo de axuda a domicilio, tódalas persoas con dificultades na súa autonomía persoal, que non poidan ser atendidas convenientemente polos seus familiares e que por medio da prestación deste servizo se asegure a súa permanencia no propio domicilio, en condicións adecuadas de vida e convivencia así coma as persoas que estean valoradas como dependentes pola Xunta de Galicia e teñan solicitada e concedida a prestación de axuda no fogar municipal no seu PIA.

O servizo de axuda a domicilio está dirixido de modo prioritario a:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.

- Persoas maiores con certo nivel de dependencia que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que con esta axuda poidan continuar vivindo no seu propio fogar.

- Persoas con minusvalía ou incapacitadas ás que a axuda a domicilio lles poida favorecer-la súa autonomía.
- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental, ou por outros motivos que lles fagan precisar axuda.
- Menores que necesiten coidado ou atención por ausencia, circunstancias provisionais de enfermidade ou motivos xustificadas, os seus pais ou titores non poidan exercer-las súas funcións.
- Colectivos específicos que presenten situacións de resgo ou exclusión social.
- En xeral cando exista unha situación de desatencións social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

Artigo 4º. Obxectivos do servizo.

O servizo de axuda a domicilio ten como obxectivo promover-la permanencia das persoas no seu entorno habitual, mellorando a calidade de vida dos seus usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste senso a falta de familiares que poidan atender-las súas necesidades, ou complementando o labor da familia cando esta non poida atender-las mesmas de forma axeitada.

O servizo de axuda a domicilio debe evitar ou atrasar-lo ingreso en centros residenciais daquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada á súa situación. Do mesmo xeito previrá situacións de deterioro persoal ou familiar orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o servizo procurará:

- Apoia-los usuarios na realización daquelas tarefas da vida diaria que non poidan realizar por si solos, estimulando o desenvolvemento das súas propias necesidades.
- Previ-lo resgo de marxinación, illamento ou abandono das persoas con autonomía limitadas, fundamentalmente daquelas que viven solas e sen apoio.
- Colaborar no seguimento dos coidados sanitarios no domicilio, seguindo neste senso as indicacións formuladas polos facultativos sanitarios.
- Procurar resolver-las carencias e deficiencias nas súas vivendas, así como supresión de barreiras arquitectónicas, potenciación de axudas técnicas e materiais, etc.
- Fomenta-lo voluntariado e a solidariedade, de maneira especial a axuda mutua.
- Mellora-lo equilibrio persoal do individuo, da súa familia e do seu entorno, mediante o reforzamento dos vínculos familiares, veciñais e de amizade.

CAPITULO II. Prestación de tarefas

Artigo 5. Prestacións.

As axudas que proporciona o servizo de axuda a domicilio son as seguintes:

1. Atencións de carácter persoal:

Engloban todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do servizo cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise:

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de manter-la hixiene corporal.
- Axuda para comer. Control de réxime alimentario.
- Apoio a mobilización dentro do fogar. Coidados especiais como cambios de posturas, mobilizacións,...
- Supervisión se procede, de medicación simple prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio significativo.
- Compañía, conversación e escoita activa.
- Acompañamento fora do fogar para a realización de diversas xestións, tales como visitas médicas, tramitación de documentos ou semellantes.
- Facilitar actividades de ocio no fogar mediante entrega de material para a realización de traballos manuais, así como lectura de prensa, libros, revistas ou semellantes.
- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores que poidan ser incluídas de modo específico para acadar-las finalidades deste servizo.

2. Atencións de carácter doméstico:

Enténdese como tales aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma diaria no fogar referidas a:

- A alimentación: comprenderá, entre outros, os labores de compra e preparación de alimentos no fogar.
- A roupa: comprenderá as funcións de lavado, pasarlle o ferro, cosela, ordenala, mercala e outras semellantes.
- A limpeza no fogar: varrer, limpar mobles, portas, fiestras, frega-lo solo, vaixela, facer e muda-la cama e ordena-la casa.
- Realización de pequenas reparacións e outras tarefas que non impliquen a participación de especialistas.

Todas elas terán carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispoñer ou preverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servicios sociais competentes poderán xestionar os recursos adecuados para que ditas atencións poidan ser realizadas adecuadamente; tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

3. Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Refírense ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario, así como o apoio á estruturación familiar.

- Fomento de hábitos adecuados: alimentación, hixiene, horario.
- Pasear, relacións.
- Axuda á persoa na realización de xestións.
- Fomento da autoestima.
- Axuda na organización da economía doméstica.
- Realización de xestións.

4. Atencións de carácter técnico e complementario.

Refírense a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias para a posta en funcionamento do servizo, para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como teleasistencia domiciliaria e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

Artigo 6º. Exclusión de tarefas.

Exclúense expresamente do servizo de axuda a domicilio as seguintes tarefas:

a) Atención a outros membros da familia que non fora contemplada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica.

b) Tarefas de carácter sanitario que requiran unha formación específica do persoal que as realiza: poñer inxeccións, toma de tensión, colocación ou retirada de sondas, tratamento de úlceras, administración de medicamentos que impliquen coñecementos específicos e outros semellantes.

c) Tarefas de tipo agrícola-gandeiro.

d) Como norma xeral non se realizarán os labores non considerados como esenciais para o mantemento da persoa no seu fogar: limpeza de portais e ou escaleiras comunitarias, labores de xardín e horta, alimentación e aseo de animais, limpeza de cristais, lámpadas teitos e paredes (salvo que deban efectuarse segundo criterio técnico da Traballadora Social do Concello, previa valoración da situación de necesidade social e económica)

Artigo 7º. Persoal do servizo de axuda a domicilio.

O persoal que pode intervir no servizo de axuda a domicilio estará composto por profesionais e voluntarios e as funcións e tarefas a desenvolver serán as seguintes:

7.1. Traballadora social.

E o profesional que recibirá a demanda, realizará o estudo e valoración da situación presentada, diseña o proxecto de intervención adecuado a ela e será o responsable do seu seguimento e avaliación.

As funcións e tarefas concretas serán:

- a) Estudo e valoración das necesidades e recursos da comunidade.
- b) Programación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos servizos sociais municipais.

- c) Difusión e información sobre o servizo.
- d) Estudio das demandas de información e atención das solicitudes, valoración da situación e diagnóstico da situación.
- e) Proposta de actuación ó órgano competente para concesión ou denegación do servizo.
- f) Deseño dos obxectivos da intervención, estratexia a seguir e profesionais necesarios.
- g) Información, asignación e supervisión de tarefas.
- h) Estímulo das responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios e fomento da autoestima dos usuarios.
- i) Seguimento e avaliación dos casos atendidos.
- j) Formular propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
- k) Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.
- l) Coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.

7.2. Auxiliar de axuda a domicilio.

E o profesional que realiza as tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu entorno.

Segundo a orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22, luns 2 de febreiro de 2009) no artigo 12.2 establece: "O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade"

As súas funcións e tarefas concretas son:

a) Funcións:

- Asistenciais, de atención persoal e doméstica.
- De orientación en actividades da vida diaria, favorecendo a súa normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, sen substituílo naquelas tarefas que poida desenvolver por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.
- De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

b) Tareas:

As necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo:

- Tareas de atención persoal.
- Tareas de carácter doméstico.
- Tareas de carácter persoal psicosocial ou educativo.

Este persoal estará formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo posteriormente un sistema de xuntanzas periódicas de avaliación e formación, nas que lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

7.3. Outros profesionais.

Estarán coordinados coa traballadora social, tales como educador familiar ou psicólogo e profesionais doutros servizos que colaboren co servizo de axuda a domicilio.

Nas funcións que corresponden ó campo sanitario como curas persoais, inxeccións, sondas, podoloxía e todas aquelas referentes a saúde, será preciso unha estricta colaboración socio-sanitaria, coordinando os servizos de axuda a domicilio cos servizos sanitarios de cuidados a domicilio desenvolvidos dende o centro de saúde, hospital ou servizos sanitarios correspondentes.

7.4. Voluntarios.

Son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar os voluntarios serán as de compañía, fomento das relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro como fora do fogar, e outras que contribúan ó fomento de autoestima.

CAPITULO III. Procedemento.

Artigo 8º. Requisitos xerais para acceder ó servicio.

Os requisitos para ser beneficiario do servicio de axuda a domicilio son os seguintes:

- a) Estar empadroado no concello de Cabanas.
- b) Solicita-la prestación do servicio.
- c) Acredita-la situación de necesidade do servicio de acordo co establecido no artigo 3º. do presente regulamento.
- d) Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico que necesite dun internamento asistido e continuado.
- e) Residir nunha vivenda que reúna unhas condicións de habitabilidade mínimas, que posibiliten a prestación dos servicios cunhas garantías básicas.
- f) Non ter dereito a recibir axuda a domicilio de ningunha outra entidade pública ou privada.
- g) Asigna-lo contrato de integración no servicio segundo anexo III do presente regulamento.
- h) Estar valorado como dependente e ter concedida a prestación de SAD Municipal no seu PIA

Artigo 9º. Tramitación de solicitudes.

9.1. Os interesados presentarán as solicitudes, no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no negociado de servizos sociais do concello de Cabanas, no Rexistro Xeral xunto coa documentación esixida, a cal deberá asignar o solicitante ou representante legal. A traballadora social informará de modo personalizado e gratuíto sobre as condicións relativas a tramitación e prestación deste servicio.

9.2. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Informe do médico de cabeceira sobre o seu estado de saúde ou deficiencias.
- Certificado, de selo caso, de minusvalía do solicitante ou das persoas que convivan con el.
- Certificado de convivencia.
- Xustificantes de ingresos da unidade de convivencia, entendéndose como tal o conxunto de persoas que residen nese domicilio.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, ou no seu defecto, certificado de Facenda de non estar obrigado a facela.
- Con carácter excepcional, naqueles casos nos que se poida chegar xustificantes de ingresos referidos anteriormente, aportárase declaración xurada do solicitante na que se faga consta-la carencia absoluta de rendas familiares ou contía da mesma.
- Calquera outro documento que se estime necesario para a valoración da situación do solicitante.

O Concello resérvase a posibilidade de comproba-la veracidade dos datos aportados polos solicitantes para garanti-la fidelidade na información facilitada.

9.3. Informe técnico.

Reciba a solicitude coa documentación mencionada, a traballadora social realizará visita ó domicilio do solicitante e redactará un informe proposta con carácter de dictame técnico, no que se considerarán tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente Regulamento, así como a aplicación dos baremos contidos no mesmo.

No caso de solicitudes con documentación incompleta, requirirase ós interesados para que no prazo de dez días solucionen as deficiencias, con apercibimento de que no caso de non facelo, arquivárase o expediente sen mais trámite.

O informe-proposta que a traballadora social realizará en relación con cada solicitude deberá recoller como mínimo: valoración da situación e dictame; no caso de ser favorable: persoas beneficiarias, número de horas de atención a prestar e detalle das tarefas a realizar.

9.4. Resolución.

A Alcaldía ou o órgano municipal que corresponda, á vista das solicitudes presentadas, valoración técnica e informe de intervención municipal sobre a liquidación a practicar segundo a ordenanza fiscal reguladora, dictará resolución concedendo ou denegando a prestación do servicio, a cal será notificada ó solicitante na forma establecida na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común. No caso de concesión deberá recoller: persoas beneficiarias, número de horas de atención, tarefas a realizar pola auxiliar de axuda a domicilio, periodicidade que debe procederse a revisión e porcentaxe de financiamento a cargo do solicitante; se a resolución e desfavorable deberá indicar expresamente as circunstancias que determinan a mesma.

Cando non exista posibilidade de atención inmediata, a solicitude pasará a lista de espera cunha orde de prioridade segundo a puntuación que se obteña na aplicación dos baremos elaborados para a concesión do servizo, atendéndose a solicitude no momento que as disponibilidades do servizo o permitan.

Artigo 10º. Trámite de urxencia..

Terá a consideración de “caso urxente” aquel que requira unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional. A súa xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma inmediata ou situación alto risco, como enfermidade grave, falecemento cónxuxe ou familiar e outras semellantes.

Nestes casos, se procede, prestarase o servizo de axuda a domicilio o mesmo tempo que se inicia o proceso para a súa aprobación polo órgano competente.

O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación que o motiva, a desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e se é o caso pasará á lista de espera.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse máis dun mes sen que medie resolución favorable expresa do órgano municipal competente sobre o expediente tramitado ó efecto.

Artigo 11º. Criterios para a concesión do servizo.

A concesión do servizo de axuda a domicilio basearase en indicadores que permitan considerala valoración de necesidades realizada pola traballadora social, tales como:

- Autonomía persoal para realización de actividades da vida diaria (alimentación, hixiene persoal, labores domésticas) puntuando niveis de dependencia ou necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental.

- Situación socio-familiar , establecendo os graos en que a familia ou outras persoas do entorno poidan axudar ó solicitante.

- Situación socio-económica da unidade de convivencia, tomando como base a renda dispoñible de tódolos membros que residen efectivamente no domicilio, independentemente do seu empadramento no mesmo domicilio (a tal efecto poderase solicitar Informe de convivencia real).Será condición indispensable para a solicitude do servizo o empadramento do beneficiario directo.

-Nos supostos de concesión a través de Dependencia terase en conta exclusivamente os ingresos económicos do Valorado, beneficiario directo do servizo.

- Que os solicitantes non dispoñan de ingresos nin patrimonio que lles permitan o pagamento dunha asistencia privada ou non teñan dereito a recibir dita asistencia de ningunha entidade.

- Estar valorado como dependente pola Xunta de Galicia e ter concedida a prestación de servizo de axuda no fogar municipal no se PIA.O servizo respectará integramente a valoración do grado e nivel de dependencia de cada persoa beneficiaria segundo a regulación autonómica

Grado I

- . Nivel 1 entre 20-25 horas mensuais
- . Nivel 2 entre 25 e 30 horas mensuais

Grado II

- . Nivel 1 entre 30 e 40 horas mensuais
- . Nivel 2 entre 41 e 55 horas mensuais

Grado III

- . Nivel 1 entre 55 e 70 horas mensuais
- . Nivel 2 entre 71 e 90 horas mensuais

- Outras situacións e factores mais específicos como situación, estado e equipamento da vivenda, recursos dispoñibles no entorno e acceso a eles.

Artigo 12º. Revisión das axudas.

Nos prazos ou datas que especifique a concesión do servizo ou sempre que se produzan circunstancias que varíen as que motivaron dita concesión, e en todo caso no mes de xaneiro de cada ano, a traballadora social procederá a revisión dos expedientes dos beneficiarios do servizo actualizando as condicións do servizo e formulando proposta de modificación nos casos que proceda.

As propostas de modificación serán postas en coñecemento do beneficiario antes da resolución que proceda polo órgano municipal competente.

Unha vez aprobada a prestación do servizo, este se manterá mentres o grado e nivel de dependencia valorado sexa o mesmo e non haxa comunicación expresa dos órganos de valoración autonómicos dun cambio no seu Programa Individual de Atención.

Artigo 13º. Extinción do servizo.

13.1. Son causas de extinción do servizo de axuda a domicilio as seguintes:

- a) Renuncia do usuario, a cal deberá formalizarse por escrito.
- b) Ingreso con carácter definitivo en centro asistencial.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento do usuario.
- e) Desaparición das causas que motivaron a concesión do servizo.

f) Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como trato inadecuado á auxiliar de axuda a domicilio, falta de colaboración do usuario no desenvolvemento do servizo, imposición de tarefas á auxiliar por parte do usuario que non lle corresponden, ou semellantes.

Constitúen causas de baixa temporal no servizo o ingreso temporal en centro hospitalario, o atraso de mais dun mes no pago da tarifa do servizo, a ausencia temporal do domicilio non superior a dous meses e calquera outro incumprimento temporal das obrigas establecidas neste regulamento e que no sexan causa de extinción definitiva.

13.2. A extinción do servizo será notificada ó beneficiario ou no de selo caso á unidade de convivencia indicándolle os recursos que pode interpoñer contra a devandita resolución.

CAPITULO IV. Dereitos e deberes dos usuarios.

Artigo 14º. Dereitos dos usuarios.

Os beneficiarios do servizo de axuda a domicilio teñen dereito a:

- a) Ser informados de forma correcta e puntual, respecto a tódolos aspectos relacionados coa tramitación, concesión ou no seu caso denegación, prestación e incidencias do servizo, así como calquera outro aspecto que poida ser do seu interese.
- b) A prestación do servizo conforme ás condicións de concesión e ós contidos do presente regulamento.
- c) O respecto á intimidade e á absoluta confidencialidade de todo o relativo a súa vida persoal, familiar, económica ou social que poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.

Artigo 15º. Deberes dos usuarios.

Os usuarios do servizo de axuda a domicilio están obrigados a:

- a) Dispensar un trato correcto ás auxiliares de axuda a domicilio que realicen as tarefas do servizo.
- b) Poñer a disposición da auxiliar de axuda a domicilio os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas asignadas.
- c) Comunicar ós servizos sociais do Concello as circunstancias que ocasionen unha alteración das condicións do servizo.
- d) Comprometerse a facilitar o control e seguimento do desenvolvemento do servizo pola traballadora social.
- e) Os usuarios, e no seu defecto, os familiares ou encargados dos beneficiarios, están obrigados ó pago da cota mensual asignada, segundo a ordenanza fiscal reguladora e resolución de concesión do servizo.

A falta de pagamento sen causa xustificada por prazo superior a un mes dará lugar a baixa na prestación do servizo e perda da condición de beneficiario, despois de notificada a correspondente resolución ó interesado.

Artigo 16º. Desenvolvemento das tarefas do servizo.

16.1. As tarefas a realizar pola auxiliar de axuda a domicilio serán aquelas que se establezan na resolución de concesión e no contrato de prestación do servizo que deberán asignar o beneficiario ou representante legal e o representante do Concello.

16.2 Calquera modificación das condicións de prestación do servizo, suxestión ou queixa que desexe realizar o usuario deberá poñelo de forma directa en coñecemento da traballadora social, en ningún caso estes trámites deberán realizarse a través da auxiliar de axuda a domicilio.

16.3 No desenvolvemento do servizo poderán realizarse cambios de auxiliar de axuda a domicilio e horario segundo as necesidades do servizo e tamén a petición razoada do beneficiario.

16.4. O servizo de axuda a domicilio en xeral non incluíra tarefas de limpeza de servizos da comunidade, animais, xardíns ou aquelas que non sexan de necesidade das persoas beneficiarias, en todo caso pola traballadora social valorárase as tarefas que sexa preciso realizar de acordo coas circunstancias persoais dos solicitantes.

16.5. Os usuarios do servizo deberán comunicar ós servizos sociais do concello calquera cambio ou ausencia do domicilio, xa que a auxiliar de axuda a domicilio non traballará nin aceptará chaves da vivenda en ausencia do beneficiario, agás por circunstancias que deberá valora-la traballadora social.

16.6. A auxiliar de axuda a domicilio no poderá acompañarse de persoa allea ó servizo para realizar o seu traballo, absterase de facer comentarios sobre os beneficiarios que atenda, gardará segredo profesional e a máxima discreción acerca das circunstancias que rodean ó usuario, non deberá aceptar nin recibir ningún tipo de contraprestación por parte do beneficiario do servizo; a súa retribución será única e exclusivamente a establecida no contrato laboral do Concello. Así mesmo non poderá prestar servizo de maneira particular en domicilios onde se preste o servizo de axuda no fogar

16.7. Os gastos de material de limpeza, aseo, comida, etc.. serán por conta do usuario; o Concello facilitará á auxiliar de axuda a domicilio o equipamento necesario para o desenvolvemento do seu traballo: vestiario, luvas, etc..

16.8. A auxiliar de axuda a domicilio deberá poñer en coñecemento da traballadora social calquera circunstancia da que teña coñecemento e non este recollida nas condicións de prestación do servizo.

16.9. O persoal de axuda a domicilio que incumpra as normas establecidas para a prestación do servizo aplicaráselle ó réxime disciplinario establecido para o persoal ó servizo das Administracións Públicas e Estatuto dos Traballadores.

Disposición adicional.

Facúltase a Alcaldía para que previo informe da traballadora social resolva aquelas cuestións relacionadas co servizo e que non se recollan expresamente na normativa vixente nin neste Regulamento.

O servizo de axuda no fogar para os valorados como dependentes e con resolución de PIA aprobada xestionarase directamente a través do Concello

Disposición final.

O presente regulamento derroga o publicado no BOP nº 36 do 13 de febreiro de 2004, entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

D./Dona
con DNI e enderezo en
parroquia de do Concello de Cabanas. Teléfono:

Expón:

Solicita:

Achega os seguintes documentos:

- DNI
 - Informe médico
 - Xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar
 - Outros:
-

Cabanas, de de 20...

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ANEXO II

INFORME MÉDICO PARA O SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

EFECTUADO POLO/A DOUTOR/A: _____

CENTRO ONDE PRESTA SERVICIO: _____

LOCALIDADE: _____ TELÉFONO: _____

NOME DO USUARIO/A: _____

Nº SEGURIDADE SOCIAL: _____.

TRASTORNOS MAIS RELEVANTES PADECIDOS:

CIRCULATORIO

- Hipertensión arterial
- Isquemia
- Marcapasos
- Venopatías
- Arritmias
- Valvulopatía

ENDOCRINO

- Diabete
- Tiroide
- Insulina/dependente
- Outra

XENITO-URINARIO

- Vexiga
- Cálculos renais
- Próstata
- Outra

LOCOMOTOR

- Artrose
- Reumatismo
- Fractura fémur
- Columna
- Ciática
- Fractura cadeira

RESPIRATORIO

- Catarros frecuentes
- Asma bronquial
- E.pulmonar obstructiva
- Cálculos vesícula
- Tuberculose pulmonar

DIXESTIVO

- Hernia
- Cirrose
- Úlcera

OLLOS/OÍDOS

- Invidente
- Xordeira total
- Diminución visión
- Diminución auditiva

NEURO/PSICOLÓXICAS

- Parálise
- Accidente cerebral
- Demencia
- Epilepsia
- Trastorno linguaxe
- Alzheimer
- Depresión

OUTRAS ENFERMIDADES: _____

TRATAMENTO: _____

CONSECUENCIAS DO NIVEL DE AUTONOMÍA:

(Contestar cun x segundo se considere: A: Normalmente, B: Con algunha dificultade, C: Con moita dificultade, D: Non pode)

Concepto:	A	B	C	D
1. Pode varrer e fregar a casa	___	___	___	___
2. Pode limpar o po ós mobles, limpar o cuarto de baño	___	___	___	___
3. Pode lavar á man, tender e planchar a roupa	___	___	___	___
4. Pode vestirse e espirse	___	___	___	___
5. Pode levantarse e deitarse na cama, levantarse e sentarse nunha cadeira ou sillón	___	___	___	___
6. Pode realizar compras	___	___	___	___
7. Pode realizar xestións, ir ó médico, oficina, bancos, etc.....	___	___	___	___
8. Pode cociñar, lavar os pratos	___	___	___	___
9. Pode asearse e bañarse	___	___	___	___
10. Pode procurarse os coidados sanitarios básicos	___	___	___	___
11. Fai as súas necesidades sen axuda, non presenta incontinencia anal e/ou urinaria.....	___	___	___	___
12. Pode manexar os aparatos de calefacción, auga quente, interruptores de luz, gas	___	___	___	___
13. Mantén orientación temporo-espacial	___	___	___	___
14. Mantén actitude coherente	___	___	___	___

OBSERVACIONES: _____

....., de.....de 200..

Asdo:

Nº. Colexiado:

ANEXO III

INFORME TECNICO-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

BAREMO.

1. CAPACIDADE PARA AUTOVALERSE	
1.1. Capacidade motora	
A) Levantarse:	
Levantarse só	0
Levantarse só con dificultade	1
Levantarse con axuda	2
Non se levanta	3
B) Deambular	
Camiña só	0
Camiña só con dificultade	1
Camiña con axuda de bastón ou semellante	2
Inmobilidade en cadeira de rodas ou encamado	3
C) Saír da casa.	
Sae só	0
Sae con dificultade	1
Sae con axuda	2
Non sae (non sube nin baixa escaleiras)	3
D) Conducta.	
Normal	0
Trastornos de carácter	1
Claros trastornos do humor	2
Descontrol total dos seus actos	3
E) Xestións	
Realiza as xestións só	0
Realiza as xestións só con dificultade	1
Realiza as xestións con axuda	2
Non pode realiza-las xestións	3
F) Sociabilidade.	
Mantén relacións	0
Mantén poucas relacións	1
Mantén relacións con dificultade	2
Non se relaciona	3
1.2. Sentidos.	
A) Visión.	
Boa	0
Déficit visión	1
Grave déficit visual	2
Cegueira	3
B) Audición.	
Boa	0
Déficit auditivo	1
Grave déficit auditivo	2
Xordeira	3
C) Linguaxe.	
Normal	0
Déficit de comprender	1
Incomprensible	2
Non fala	3
1.3. Capacidade psíquica.	
A) Orientación temporo-espacial	
Boa	0
Desorientación ocasional leve	1
Desorientación frecuente	2
Desorientación total	3

B) Memoria	
Normal	0
Retén actos recentes con dificultade, coñece as persoas, esquece algunhas cousas.	1
Retén soamente feitos antigos	2
Non retén ningún feito, demencia total	3
C) Comunicación	
Normal	0
A conversa e posible pero non perfecta	1
Imposible manter unha conversa lóxica	2
Claras alteracións mentais de demencia	3
1.4. Coidados persoais.	
A) Aseo diario.	
Só	0
Só con dificultade	1
Con axuda	2
Aseo xeral encamado	3
B) Bañarse.	
Só	0
Só con dificultade	1
Con axuda	2
Imposibilidade total	3
C) Vestirse.	
Só	0
Só con dificultade	1
Con axuda	2
Incapaz	3
D) Control de esfínteres.	
Continencia total	0
Incontinencia esporádica	1
Incontinencia ocasional	2
Incontinencia total o permanente	3
1.5. Tarefas domésticas.	
A) Limpeza do domicilio.	
Só	0
Só con dificultade	1
Con axuda (mantemento)	2
Non pode (diario)	3
B) Preparación de comidas.	
Só	0
Só con limitacións	1
Non pode preparala	2
Non pode nin quentala	3
C) Compra.	
Só	0
Con axuda ocasional	1
Con axuda permanente	2
Non pode face-las compras	3
D) Lavado e coidado da roupa (con lavadora)	
Só	0
Só con dificultade	1
Con axuda (orde, tender, pasalo ferro)	2
Non pode	3
2. FACTOR SAÚDE.	
Persoas con boa saúde	0
Persoas con dificultades temporais	1
Persoas afectadas por enfermidade restrictiva de mobilidade ou saúde mental	2
Persoas afectadas por enfermidade restrictiva de capacidade de autocoidado	3
3. FACTOR VIVENDA.	
3.1. Condicións de habitabilidade.	
Vivenda con certa calidade	0
Vivenda con nivel en conxunto normal	1

Vivenda con instalacións deficientes	2
Vivenda en mal estado	3
3.2. Condicións de equipamento.	
Equipamento de certa calidade.	0
Equipamento en conxunto normal	1
Equipamento en mal estado	2
Falta de equipamento	3
3.3. Réxime de tenencia.	
Vivenda propia.	0
Vivenda aluguer.	1
Caseiros ou semellante	2
Vivenda en precario	3
4. FACTOR SITUACIÓN FAMILIAR	
Vive con familiares e poden atendelo	0
Ten familiares pero non vive con eles nin teñen tempo para atendelo	1
Ten familiares pero sen tempo suficiente ou sen capacidade para atendelo, necesitan apoio	2
Vive só e non ten familiares que o atendan	3
5. FACTOR ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL.	
5.1. Alimentación.	
Adecuada	0
Normal aínda que sen variedade	1
Desorganizada e inadecuada	2
Escasa ou pobre	3
5.2. Hixiene familiar e do fogar.	
Bo aspecto en xeral	0
Aspecto xeral descoidado	1
Certa falta de hixiene persoal e no fogar	2
Sucidade e desorde na roupa e no fogar	3
5.3. Administración económica.	
Correcta distribución do presuposto	0
Distribución incorrecta pero non grave	1
Non se gasta en necesidades básicas	2
Gástase inadecuadamente e contraen débedas	3
6. FACTOR RELACIÓNS SOCIAIS.	
Nivel con capacidade para contactos interpersoais.	0
Nivel medio baixo para contactos interpersoais	1
Nivel baixo de relacións sociais	2
Illamento social	3
7. FACTOR ACCESIBILIDADE A SERVIZOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS	
Cercanía e doado acceso servizos básicos	0
Pouca distancia e accesos aceptables	1
Distancia media e accesos deficientes	2
Moita distancia e accesos deficientes	3
8. SITUACIÓN ECONÓMICA	
Unidade familiar que teña que aboar 75% ou mais do servizo	0
Unidade familiar que teña que aboar o 50% do servizo.	1
Unidade familiar que teña que aboar o 25% ou menos do servizo	2
Unidade familiar que está exenta de aboar o servizo	3

RESUMO DA VALORACIÓN:

INDICADORES		PUNTOS	
CAPACIDADE PARA AUTOVALERSE	CAPACIDADE MOTORA	Levantarse	0
		Deambular	0
		Saír da casa	1
	SENTIDOS	Visión	0
		Audición	0
		Linguaxe	0
	CAPACIDADE PSÍQUICA	Orientación témporo-espacial	1
		Memoria	0
		Comunicación	0
		Conducta	0
		Capacidade de xestión	1
		Sociabilidade	1
	COIDADOS PERSOAIS	Aseo diario	0
		Bañarse	1
		Vestirse	0
		Control de esfínteres	0
	TAREFAS DOMÉSTICAS	Limpeza do domicilio	1
Preparación de comidas		1	
Compra		1	
Roupa		1	
Suma:		9	
SAÚDE 1			
VIVENDA	Condicións de habitabilidade	1	
	Condicións de equipamento	1	
	Réxime de tenencia	0	
	Suma:	2	
SITUACIÓN FAMILIAR 2			
ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL	Alimentación	1	
	Hixiene familiar e do fogar	0	
	Administración económica	0	
	Suma:	1	
RELACIÓNS SOCIAIS		0	
ACCESIBILIDADE A SERVIZOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS		1	
SITUACIÓN ECONÓMICA		0	
PUNTUACIÓN TOTAL:		16	

En consecuencia a Traballadora Social que subscribe propón a seguinte resolución:

- Conceder con efectos dende de do 20..., a..... (ou a unidade de convivencia constituída polas seguintes persoas.....) o servizo de axuda no fogar, segundo os seguintes datos:

Ingresos anuais da unidade familiar:

Horas de servizo semanal:,

Tarefas a realizar:

- Denegar a (ou a unidade de convivencia constituída polas seguintes persoas) o servizo de axuda no fogar, por non reuni-los requisitos establecidos no correspondente regulamento que a continuación se especifican:

Cabanas, de 20...

O Traballador/a Social.

ANEXO IV

MODELO DE CONTRATO DE INTEGRACIÓN SERVICIO AXUDA NO FOGAR

EXPEDIENTE:

SOLICITANTE:

RESOLUCIÓN:Aprobación

En Cabanas, ade.....de dous mil.....

REUNIDOS

Dunha parte D/Dª.....en calidade de.....
en representación do concello de Cabanas.

Doutra parte D/Dª como beneficiario do servizo de axuda no fogar con
D.N.I. nº..... e domicilio en, actuando en representa-
ción propia (ou da unidade de convivencia beneficiaria).

Ambas partes declaran coñecer e acepta-los dereitos e deberes establecidos no Regulamento municipal do servizo de axuda no fogar, e

ACORDAN

1º.- O concello de Cabanas comprométese a prestación do servizo de axuda no fogar a..... de acordo coa resolución de concesión.

2º.- A auxiliar de axuda no fogar asinada para este servizo será..... e realizará as seguintes tarefas:.....
.....
.....

3º.- O horario de traballo será de horas semanais distribuídas segundo as necesidades e dispoñibilidades do servizo.

4º.- A Traballadora Social indicará as directrices técnicas de intervención individual, co fin de mellora-las condicións de vida de cada usuario.

5º.- O presente contrato terá vixencia a partir de e estará suxeito a modificacións nas condicións establecidas no Regulamento do servizo que serán postas en coñecemento do beneficiario.

6º.- O beneficiario comprométese ó pagamento da cota pola prestación do servizo establecida na ordenanza fiscal reguladora na contía sinala da resolución de concesión do servizo por importe de euros mensual.

7º.- Ambas partes aceptan este contrato nos termos que deriven do presente documento e naquilo non previsto, estase ó disposto no regulamento do servizo e disposicións establecidas ó efecto na lexislación vixente.

O representante do Concello

O beneficiario

ANEXO V

MODELO DE RENUNCIA Ó SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

D/Dª como beneficiario (ou solicitante) do servizo de axuda no fogar con D.N.I. nº..... e domicilio en..... actuando en representación propia (ou da unidade de convivencia formada por.....).

EXPON:

Que solicitando (ou sendo beneficiario) do servizo de axuda no fogar do concello de Cabanas, e non estando interesado no devandito servizo, renuncia á ser beneficiario do mesmo, poñendo esta decisión en coñecemento dese concello para que adopte a resolución correspondente de acordo co aquí exposto.

SOLICITA: Se deixe sen efecto a solicitude presentada (ou se proceda a dar de baixa na prestación do devandito servizo).

Cabanas, de de 20....

Asdo:.....

ANEXO VI

MODELO SEGUIMENTO DO SERVICIO

MES :

ANO :

USUARIO:

Emitido pola auxiliar de axuda no fogar:.....

INICIDENCIAS:

Baixa da traballadora:

Ingreso hospitalario do usuario:.....

Modificación do horario:.....

Outras:

Tarefas desenvolvidas:

Aspectos a ter en conta:

Situación actual:

Nº. Horas atendidas no mes:

Cabanas, de de 20...

A auxiliar de axuda no fogar.

Asdo:

Cabanas, 15 de outubro de 2009.

O Alcalde.

Asdo. Germán Castrillón Permuy